

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 25 de maio de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE MONTAN", pertencente á Comunidade integrada polos veciños de Montán, termo municipal de Samos. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 28, do xoves 9 de decembro de 1976, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

2º.- que o 7 do mes en curso a Xunta Retora da citada comunidade, conforme co acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral o día seis do mesmo mes e ano, acordou a súa vez:

- propoñer a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 87 Hás. do monte "DE MONTAN", nas que se incluírán 60 Has. do monte "MEDA", LU-2021, consorciado polo Concello de Samos co Patrimonio Forestal do Estado e 27 Hás., rasas, que aportarían de novo.

- solicitar da Consellería que o convenio, na parte lle afecta, anulase e substituíse o consorcio do monte "MEDA", LU-2021 e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

3°.- Que ten por finalidade o Convenio a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ao abeiro do Consorcio, a repoboación forestaal dos terreos rasos na actualidade, a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas ou que se creen no futuro, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios con tales fins.

4°.- Que en consecuencia o novo monte "DE MONTAN" queda constituído por:

60 Hás. do monte "MEDA", LU-2021, e
27 Hás. rasas.

5°.- Que as superficies do monte "MEDA", LU-2021, eran:

superficie total.	150 Has.
superficie repoboada.	145 "
superficie inforestal.	5 "

Como o monte "DE ZOO", 2715855, pasaron:

superficie total.	17 Hás.
superficie repoboada.	16 "
superficie inforestal.	1 "

as actuais, son:

superficie total.	133 Has.
superficie repoboada.	129 "
superficie inforestal.	4 "

O novo monte "DE MONTAN", pasan:

superficie total.	60 Has.
superficie repoboada.	58 "
superficie inforestal.	2 "

e como á Comunidade aporta:

superficie total.	27 Hás.
superficie rasa forestal	26 "
superficie inforestal.....	1 "

as superficies actuais do monte "DE MONTAN",
son:

superficie total.	87 Hás.
superficie repoboada.	58 "
superficie rasa forestal.	26 "
superficie inforestal	3 "

6°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "MEDA",
Lu-2021.

Conformo coas Certificacións que se adxuntan, son
os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1.995.	5.831.252,-Ptas.
pasados o m/"DE ZOO", 2715855	643.448,- "
saldo actual:	5.187.804,- "
o 31-12-1976, ano en que se clasificou como en man común o monte da Comunidade de Mon-- tán.	1.646.027,-Ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional
Segunda da Lei 13/1989. do 10 de outubro:

58 x 5.187.804,-Ptas. - 58 x 1.646.027 Pts.	1.674.090,-Ptas.
129	145

b) Ingresos:

Administración Forestal:	341.147,-Ptas.
Excma. Deputación Provincial	85.155,- "

TOTAL	426.302,-Ptas.
Pasados o m/"DE ZOO", 2715855.	47.040,- "
saldo actual:	379.262,- "

7°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "MEDA", LU-2021, pasan o Convenio do monte "DE MONTAN", son:

a) GASTOS:

traballos:	1.674.090,-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 1.674.090,-Ptas. .	131.416,- "
gardería: 58 Hás. x 900,-Ptas./Há.	52.200,- "

TOTAL GASTOS..... 1.857.706,-Ptas.

b) INGRESOS:

<u>58 Hás.</u> x 379.262,-Pts.	170.521,-Ptas.
129 Hás.	

TOTAL INGRESOS. 170.521,- Ptas.

8°.- E que a conta de gastos do Convenio do monte "DE MONTAN", se abra cun saldo de:

1.857.706,-pesetas - 170.521,-pesetas. 1.687.185,-Ptas.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "DE MONTAN".

Elenco: 2715856.

Superficie: 87 Hás.

Pertenza: Comunidade de Montán.

Termo municipal: Samos.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do Convenio do monte "DE MONTAN", 2715856, se abra cun saldo de 1.687.185,- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "MEDA", LU-2021, con posterioridade a data do peche das mesmas.

3°.- Que no futuro, as características do monte LU-2021, sexan as seguintes:

Nome: "MEDA".

Elenco: LU-2021.

Superficie: 73 Hás.

Pertenza: Parroquia de San Gil.

Termo municipal: Samos.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE MONTAN", 2715856, das contas do Consorcio do monte "MEDA", LU-2021, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 58 Hás. x 5.187.804,- Ptas. 2.332.501,- Ptas.
129 Hás.

ingresos: 58 Hás. x 379.262,- Ptas. 170.521,- "
129 Hás.

Non obstante V.E. resolverá,

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Plácido Baamonde

Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Ado.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do Consorcio do monte "MEDA" nun Convenio entre a Conselleria de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de Veciños de Montes propietaria do monte veciñal en man común "DE MONTAN" constituido por 60 Has. procedentes do citado monte Meda e 27 Has. mais sen consorciar, sito no Concello de Samos (Lugo) e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurída entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 1996

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A blue circular stamp of the Xunta de Galicia, with the text 'XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL' around the perimeter. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in blue ink, which appears to be 'Mª José Tato Rocha'.

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

ILMO. SE DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe a Convenio das seguintes características:

Nome: "DE MONTAN".

Elenco: 2715856.

Superficie: 87 Hás.

Pertenza: Comunidade de Montán.

Termo municipal: Samos.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE MONTAN", 2715856, se abra cun saldo de 1.687.185,-pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "MEDA", LU-2021, con posterioridade a data de peche das mesmas.

3º.- Que no futuro, as características do monte LU-2021, sexan as seguintes:

Nome: "MEDA".

Elenco: LU-2021.

Superficie: 73 Hás.

Pertenza: Parroquia de San Gil.

Termo municipal: Samos.

4º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE MONTAN; 2715856, das contas do Consorcio do monte "MEDA", LU-2021, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 58 Hás. x 5.187.804,- Ptas. 2.332.501,-Pts.
129 Hás.

ingresos: 58 Hás. x 379.262,- Ptas. 170.521,-Pts.
129 Hás.

Santiago de Compostela, 28 febreiro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR.DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5856
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a vinteoito de febreiro de mil novecentos noventa e seis.

REUNIDOS

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE MANUEL PEREZ MARON, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE MONTAN", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 2 de Abril de 1.947 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Montán, termo municipal de Samos.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE MONTAN"

Termo municipal: Samos

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: monte en man común pertencente a Comunidade de Montán,
termo municipal de Sanos.

Límites:

N.: Mais monte de la Comunidade de Montán e monte "MEDA", LU-2021;

S.: Monte "MEDA", LU-2021;

E.: Propiedades particulares e monte "MEDA", LU-2021 e

O.: Propiedades particulares e mais monte da Comunidade de Montán.

Superficie: 87 (OITENTA E SETE) Hás.

Estado forestal: 58 (CINCOENTA E OITO) Hás. repoboadas; 26 (VINTESEIS) Hás. rasas forestais
e 3 (TRES) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
58 HÁA. (CINCOENTA E OITO) Hás.

Sen vexetación arbórea: 29 (VINTENOVE) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade de Montán, termo municipal de Sanos

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráse á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 60 Hás. do monte "MEDA", LU-2021.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **cigcoenta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. sylvestris,**
P. radiata e frondosas nos solos aptos para elas.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTÍZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE MONTÁN", pertencente ós veciños de Montán, parroquia de Montán, concello de SAMOS - Rexistrados o 09-02-96 co número 0500.—

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSÉ MANUEL PÉREZ MARÓN, e Don JORGE VALCARCEL LÓPEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica ó 6-febreiro-2.000

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 9 de febreiro de 1996.



Don JORGE VALCARCEL LÓPEZ, Secretario de la Comunidade de Montán, termo municipal de Samos.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 6 de Febreiro de 1.996 estando designado Don JOSE MANUEL PEREZ MARON, Presidente da Comunidade representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Montán, (Samos) a sete de Febreiro de mil novecientos noventa e seis.

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: **José Manuel Pérez Marón.**

O SECRETARIO,

Asdo.: **Jorge Valcarcel López.**

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,


Asd.: **José Manuel Pérez Marón.**

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: **Antonio Luis Rosón Pérez**
10. do 13/12/93)

D. Basilio Balboa Piñeiro.
D. Jorge Valcarcel López.
D. José Manuel Pérez Marón.
D. Germán Real López.
D. Antonio Pereira Marón.

En Montan, municipio de Samos, siendo las trece horas del día 7 de Febrero de 1.996, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Montan, cuya relación figura al margen.

Por unanimidad de los asistentes y - conforme con lo acordado por la Comunidad reunida en Asamblea General del día de ayer, acuerdan a su vez:

1ª.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 87 Hás. del monte "DE MONTAN" de su pertenencia, en las que se incluyen 60 Hás. del monte "MEDA", consorciado por el Ayuntamiento de Samos con el Patrimonio Forestal del Estado y 27 Hás., rasas, sin consorciar, con lo que las características del monte a conveniar son:

Nombre: "DE MONTAN".

Superficie: 87 Hás.

Límites:

N.- Más monte de la Comunidad de Montán y monte "MEDA", LU-2021;

E.- Monte "MEDA", LU, 2021;

S.- Propiedades particulares y monte "MEDA", LU-2021 y

O.- Propiedades particulares y más monte de la Comunidad de Montán.

2ª.- Solicitar de la Consellería que el nuevo Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "MEDA", LU-2021.

3ª.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados.

